



# BANDO

Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa do Concello de Vimianzo,

FAI SABER:

Á VECIÑANZA, que a presidencia da Xunta de Galicia publicou no Diario Oficial de Galicia núm.219-Bis, de hoxe 30/10/2020, o Decreto 178/2020 polo que se adoptan medidas en determinados ámbitos territoriais da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, polo que:

1º) **LIMÍTASE a entrada e saída de persoas** no ámbito territorial do concello de **Vimianzo**.

## Excepcións:

- Asistencia a centros, servizos e establecementos sanitarios.
- Desprazamentos para cumprimento de obrigas laborais, profesionais, empresariais, institucionais ou legais.
- Asistencia a centros universitarios, docentes e educativos, incluídas as escolas de educación infantil.
- Retorno ao lugar de residencia habitual ou familiar.
- Asistencia e coidado a maiores, menores, dependentes, persoas con discapacidade ou persoas especialmente vulnerables.
- Desprazamento a entidades financeiras e de seguros ou estacións de servizo en territorios limítrofes.
- Actuacións requiridas ou urxentes ante os órganos públicos, xudiciais ou notariais.
- Renovacións de permisos e documentación oficial, así como outros trámites administrativos inaprazables.
- Realización de exames ou probas oficiais inaprazables.
- Por causa de forza maior ou situación de necesidade.
- Calquera outra actividade de ánaloga natureza, debidamente acreditada.

2º) **LIMÍTASE a permanencia de grupos de persoas** en **espazos públicos** (pechados e ao aire libre) ou **privados** no ámbito territorial do concello de **Vimianzo**, quedando limitada aos **grupos** constituídos **só por persoas convivintes**.

## Excepcións:

- Asistencia e coidado de maiores, menores, depentes ou persoas con discapacidade, ou por causa de forza maior ou situación de necesidade.



# BANDO

- Actividades laborais, institucionais, empresariais, profesionais e administrativas, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais, práctica de deporte federado, sempre que se adopten as medidas previstas nos protocolos de funcionamento.

3º **NON** existe ningunha **restrición á circulación en tránsito** a través do ámbito territorial do concello de Vimianzo.

4º **Seguirase informando do resto de medidas** específicas que, para o nivel 3 de restricións, afectarán ao ámbito territorial do concello de Vimianzo, unha vez que se publique no Diario Oficial de Galicia.

5º A **VIXENCIA** desta medida ten **efectos** dende as **15:00 horas de hoxe, 30 de outubro de 2020**, e inicialmente por un período máximo de 7 días, en función da evolución e avaliación das medidas por parte dos organismos competentes.

6º **LÉMBRASE** que están a disposición da veciñanza os seguintes números de teléfono para calquera cuestión:

Protección civil: 648240217

Policía local: 617484852

Servizos Sociais (atención 24 h): 604034557

O Concello de Vimianzo, solicita e agradece á veciñanza a máxima colaboración adoptando as medidas precisas para evitar a propagación do coronavirus.

A alcaldesa,  
Mónica Rodríguez Ordóñez  
(documento asinado electrónicamente)